# III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Orde do 20 de xaneiro de 2004, conxunta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, pola que se convocan os centros docentes públicos que imparten formación profesional dependentes das devanditas consellerías, para a súa incorporación á rede de centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O Decreto 325/2003, do 18 de xullo (DOG do 4 de agosto), polo que se autorizan e regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, marca as directrices que se seguirán na procura do mellor aproveitamento dos recursos públicos empregados na formación profesional, inspirándose para tal fin nos principios de igualdade no acceso da poboación a estas ensinanzas e na participación dos axentes sociais co obxecto de dar resposta ás necesidades do tecido productivo e posibilita-la cualificación profesional dos traballadores. Isto obriga á integración nun só sistema dos tres subsistemas existentes: a formación profesional inicial ou regrada, a formación profesional ocupacional e a formación profesional continua.

Neste decreto indícase que para poñer en marcha o sistema integrado de cualificacións e formación profesional, previsto no plan galego de formación profesional, se crea unha rede de centros integrados, con carácter experimental e constituída inicialmente por seis centros, susceptible de ampliacións futuras mediante o acceso daqueles centros que o soliciten, no marco das ordes de convocatoria pública que realicen a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

En consecuencia co anteriormente exposto, e en virtude das competencias que lle son atribuídas pola normativa vixente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

*DISPOÑEN:*

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é a apertura dun proceso que permita a incorporación de novos centros á rede de centros integrados de formación profesional creada a partir do Decreto 325/2003, do 18 de xullo, polo que se autorizan e regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

Poderán presenta-las súas solicitudes a centros integrados de formación profesional os centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais que así o soliciten, de acordo co establecido no artigo 4º desta orde.

Artigo 3º.-Requisitos para acceder á rede de centros integrados de formación profesional.

Sen prexuízo do cumprimento dos requisitos básicos estatais a que fai referencia o artigo 11.1º da Lei orgánica 5/2002, das cualificacións e da formación profesional, para poder te-la consideración de centro integrado de formación profesional na Comunidade Autónoma galega o centro deberá:

1. Cumpri-los requisitos que figuran no artigo 5º do citado Decreto 325/2003.

2. Obte-la aprobación pola consellería competente do proxecto de centro integrado presentado polo centro de formación.

Artigo 4º.-Solicitudes.

Os centros que reúnan os requisitos indicados no artigo 3º poderán solicita-la autorización como centros integrados de formación profesional presentando unha instancia dirixida á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, acompañada de:

* Proxecto de centro integrado, de acordo co artigo 6º desta orde.

* Certificación da aprobación do proxecto de centro integrado.

Artigo 5º.-Prazo e lugar de presentación.

As solicitudes poderán presentarse dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e dirixiranse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela.

Artigo 6º.-Proxecto de centro integrado.

1. Cada centro, no exercicio da súa autonomía e no marco desta orde e demais normativa vixente, elaborará e aprobará o seu propio proxecto de centro integrado, no cal establecerá cantas disposicións se consideren necesarias para o bo funcionamento do centro e para garanti-lo correcto desenvolvemento das actividades formativas, académicas e do seu réxime administrativo e económico.

2. O proxecto de centro integrado conterá en todo caso:

2.1. Organigrama do centro, cargos e responsables, instalacións (espacios, materiais, etc.,), recursos humanos (persoal docente e non docente) e oferta formativa.

2.2. Plan anual do centro.

2.3. A experiencia acreditada do centro en implantación de plans de mellora continua.

2.4. Acordos ou proxectos de colaboración, participación e formación cos diferentes sectores implicados.

2.5. Calendario de desenvolvemento das funcións correspondentes ó centro intregrado previstas no artigo 4 do Decreto 325/2003, do 18 de xullo, polo que se autorizan e regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, ou de calquera das que figuran no artigo 4.2º da Orde do 4 de decembro de 2003 (DOG do 20 de xaneiro de 2004), pola que se regula o funcionamento e a oferta formativa destes centros.

2.6. Accións formativas integradas que se desenvolverán tendo en conta as propostas das comisións sectoriais de cualificación e formación profesional. Co fin de garanti-la participación dos axentes sociais, as anteditas comisións deberán emitir informe nos proxectos de centro integrado procedentes de centros de formación ocupacional, en exercicio das funcións previstas para elas no seu decreto de creación (Decreto 263/2002, do 31 de xullo).

3. O proxecto de centro integrado deberá reflecti-las normas de convivencia e uso axeitado das dependencias e instalacións que garantan o correcto desenvolvemento das diferentes modalidades de formación profesional.

4. O proxecto de centro integrado será, inicialmente, aprobado e modificado polo Consello Escolar en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e polo órgano equivalente nos pertencentes á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, quen o remitirá á consellería competente, co fin de que esta decida a súa conformidade coas disposicións normativas que regulan as materias en que poida incidir, logo do informe da Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional e do Consello Galego de Formación Profesional.

Artigo 7º.-Informes.

Os informes da comisión, regulada nos artigos 9.3º, 10.2º, 11 e 12 da Orde do 4 de decembro de 2003, pola que se regula o funcionamento e a oferta formativa dos centros integrados de formación profesional dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, deberán emitirse no prazo máximo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que fosen instados.

O Consello Galego de Formación Profesional deberá emiti-los informes dentro do mes seguinte ó informe da comisión de valoración e seguimento.

Artigo 8º.-Resolución.

A consellería competente deberá resolve-lo expediente dentro do mes seguinte ó informe do Consello Galego de Formación Profesional.

*Disposición transitoria*

Única.-Os informes das comisións sectoriais de cualificación e formación, a que fai referencia o artigo 6º.2.6 desta orde, serán emitidos pola Comisión Permanente do Consello Galego de Formación Profesional en tanto aquelas non se atopen operativas.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e a Dirección Xeral de Formación e Colocación para dictar cantas normas sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación
e Ordenación Universitaria

María José Cimadevila Cea
Conselleira de Asuntos
Sociais, Emprego e Relacións
Laborais

## SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN Á REDE DE CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

**DATOS DO CENTRO SOLICITANTE**

| | |
|---|---|
| CONSELLERÍA : | |
| CENTRO : | |
| ENDEREZO: | |
| LOCALIDADE: | |
| PROVINCIA: | TELÉFONO: |
| CORREO ELECTRÓNICO: | |

**EN REPRESENTACIÓN**

| | |
|---|---|
| APELIDOS E NOME: | CARGO: |

**SOLICITA:**

**A SÚA INCORPORACIÓN Á REDE DE CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL**

**OBSERVACIÓNS / COMENTARIOS**

(Lugar e data) ____ , _____ de__________________de 2004

Asinado: D./Dna.

| | |
|---|---|
| Pola Comisión de Valoración e Seguimento<br><br>**Asdo.** | Polo Consello Galego de Formación Profesional<br><br>**Asdo.** |

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais
Edificio Administrativo San Caetano.
15771 Santiago de Compostela

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

*Resolución do 18 de febreiro de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, pola que se convocan cento setenta e nove cursos de aplicador/manipulador de productos fitosanitarios para agricultores.*

A Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandería e Montes e de Sanidade e Servicios Sociais, pola que se establece na Comunidade Autónoma de Galicia a normativa reguladora para a homologación de cursos de formación para realizar tratamentos con praguicidas, así como para a obtención do carné de manipulador destes productos, establece no seu artigo 9 a obrigatoriedade de que o organismo oficial responsable publique no *Diario Oficial de Galicia* a información correspondente a cada curso que vaia realizar.

A finalidade principal destes cursos é conseguir unha formación adecuada para os agricultores que realicen tratamentos na súa propia explotación, sen empregar persoal auxiliar, co obxecto de que poidan obte-lo carné de aplicador/manipulador para eses productos, de nivel básico, que os capacite para exercer esta actividade a nivel autonómico e estatal.

En consecuencia, anúnciase a convocatoria de cento setenta e nove cursos de aplicador/manipulador de productos fitosanitarios que terán lugar de acordo coas seguintes bases:

1. Clases de cursos que se van impartir.

Cursos de aplicador/manipulador de productos fitosanitarios, nivel básico.

2. Datos do organismo organizador.

O organismo organizador será o Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria de Galicia.

3. Obxectivos dos cursos.

Que os agricultores efectúen correctamente os tratamentos con praguicidas para poder garantir así unha correcta dosificación, respecto dos prazos de seguridade obrigatorios para cada praguicida e o cumprimento das esixencias legais en vigor en canto a límites de residuos nos alimentos.

Que o aplicador utilice o equipo de protección adecuado para evita-los posibles danos á súa saúde e á doutras persoas.

Que o agricultor coñeza os primeiros auxilios que se deben prestar en caso de que se produza unha intoxicación con praguicidas.

Que as técnicas de aplicación dos praguicidas se realicen de forma que se reduza no posible a contaminación do ambiente.

4. Destinatarios.

a) Destinatarios: agricultores que realicen tratamentos na súa explotación con productos fitosanitarios non clasificados como moi tóxicos e persoal auxiliar de tratamentos.

b) Nº de prazas: o número de alumnos que poderá participar por curso será de 30 como máximo.

Criterios de selección: o solicitante deberá ter, alomenos, 18 anos, e as solicitudes seleccionaranse tendo en conta a súa orde de presentación en calquera das oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Realización.

Os lugares e datas de realización dos cursos son os que figuran como anexo IV desta resolución.

Duración e horario:

Duración de cada curso: 21 horas lectivas distribuídas en 13 horas de clases teóricas e 8 clases prácticas.

O horario de cada curso será das 15.30 ás 19.30 horas de luns a xoves e das 9.00 ás 14.00 horas do venres.

Os coordinadores de cada curso poderán modifica-lo horario ou ben os días se fose necesario.

6. Programa.

Os temarios que se impartirán son os que figuran no anexo III.

7. Coordinación técnica do curso.

De acordo coa facultade conferida no artigo 10 da Orde do 30 de xullo de 1997, a coordinación dos cursos será realizada a través do persoal da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e supervisada polo Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria de Galicia.

8. Solicitudes e inscrición.

a) Documentación: as persoas que desexen participar neste curso deberán presentar cuberta a solicitude que figura como anexo I ou anexo II, segundo corresponda, xunto cunha fotocopia do DNI, o xustificante do pagamento da taxa de inscrición e dúas fotografías tamaño carné dentro dun sobre pechado no que se indicará o nome, apelidos e DNI do solicitante.

A documentación sinalada anteriormente presentarase nos rexistros xerais da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural das 9.00 ás 14.00 horas, ou en calquera das oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do primeiro día hábil do mes anterior ó sinalado para a realización do curso. Para os cursos que se realicen no mes de marzo, o prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados desde o día seguinte ó da publicación desta resolución.

b) Admisión: a relación de solicitantes admitidos exporase no taboleiro de anuncios do centro onde se impartirá o curso, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da finalización do prazo sinalado para a inscrición.

9. Superación do curso.

O alumno debe asistir a tódalas sesións do curso, e ter superada a proba de avaliación que confirme os